

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12536 *Real decreto 943/2010, do 23 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.*

A Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores, foi obxecto de transposición ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos. Esta directiva impón aos Estados membros, no seu artigo 6.2, a obriga de adoptar as medidas necesarias para garantir que as pilas e os acumuladores que non cumpran cos requisitos contidos nela non sexan postos no mercado ou se retiren del.

Dado que os requisitos previstos tanto na citada directiva coma no real decreto de transposición só son aplicables ás pilas e aos acumuladores que se puxesen no mercado a partir do 26 de setembro de 2008, as pilas e os acumuladores postos no mercado legalmente antes desa data que non satisfagan tales requirimentos poden seguir no mercado comunitario, tal e como se aclara na Directiva 2008/103/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, que modifica a Directiva 2006/66/CE no que respecta á posta no mercado de pilas e acumuladores.

Así mesmo, a Decisión 2008/763/CE da Comisión, do 29 de setembro de 2008, pola cal se establece, en aplicación da Directiva 2006/66/CE, unha metodoloxía común para o cálculo de vendas anuais de pilas e acumuladores portátiles a usuarios finais, obriga a excluír as pilas que abandonen o territorio español, con destino a usuarios finais noutros países, na determinación das cantidades de pilas e acumuladores postas no mercado nacional para a súa venda final.

Por outra parte, cómpre suprimir a obriga de etiquetar as unidades de venda destes produtos co símbolo do sistema integrado de xestión, ao se poder producir casos en que, por razóns técnicas e comerciais, isto non fose posible e puidese afectar o mercado comunitario de pilas e acumuladores. Con esta medida evítase pór en perigo o correcto funcionamento do mercado na Unión Europea, mantendo a harmonización en materia de etiquetaxe conforme o establecido na Directiva 2006/66/CE.

Igualmente, considérase conveniente recuperar as formas de xestión que ata a entrada en vigor do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, se viñeron aplicando ás baterías de automoción cunha altísima porcentaxe de recollida e reciclaxe, sen necesidade de ter que establecer outras formas de xestión como os sistemas de depósito devolución e retorno ou os sistemas integrados de xestión. E permitirlles tamén aos produtores de pilas, acumuladores e baterías industriais e de automoción que se convertan en residuos perigosos, asumir individualmente a súa responsabilidade mediante a adopción de sistemas de xestión individual.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas e o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.*

O Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, queda modificado como segue:

Un. O punto 1 do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«1. En aplicación do artigo 7.1. da Lei 10/1998, do 21 de abril, todo produtor estará obrigado a se facer cargo da recollida e xestión da mesma cantidade e tipo de pilas, acumuladores e baterías usados que puxese no mercado para a súa venda ao usuario final en territorio español, calquera que fose a modalidade de venda, xa sexa directa, electrónica, por correo ou automática. Estas recollida e xestión deberanse levar a cabo na forma establecida neste real decreto.

Para estes efectos consideraranse, polo menos, os seguintes tipos de pilas e acumuladores:

- a) Pilas botón.
- b) Pilas estándar.
- c) Acumuladores portátiles.
- d) Pilas, acumuladores e baterías de automoción.
- e) Pilas, acumuladores e baterías industriais.
- f) Outros tipos.

O cálculo de tal cantidade realizarase por anos naturais e expresarase como o peso das pilas, acumuladores e baterías postos no mercado en territorio español no ano de que se trate, excluíndo todas as pilas, acumuladores e baterías que saian do territorio español ese mesmo ano antes de seren vendidos aos usuarios finais.

A posta no mercado de cada pila, acumulador ou batería contabilizarase unha soa vez.»

Dous. O punto 7 do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«7. Os produtores de pilas ou acumuladores portátiles que, unha vez usados, dean lugar a residuos que teñan a consideración xurídica de perigosos, deberán garantir o cumprimento das obrigas previstas neste real decreto, ben mediante a súa posta no mercado a través dun sistema de depósito, devolución e retorno, ben a través dun sistema integrado de xestión cuxa entidade xestora asegure a consecución dos obxectivos ecolóxicos e demais obrigas previstos nesta norma, ben a través dun sistema público de xestión.»

Tres. Suprímese o punto 6 do artigo 8.

Catro. O punto 3 do artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«3. No caso de que os produtores opten pola creación de sistemas integrados de xestión para asumir esta obriga, deberán asegurar o seu financiamento mediante a achega dunha cantidade por cada pila, acumulador ou batería que poñan por primeira vez no mercado e teñan a obriga de recoller e xestionar conforme o artigo 5.1, cantidade que será proporcional ao impacto ambiental dos seus compoñentes, en particular dos metais pesados que conteñan, e aos custos de xestión, tratamento e reciclaxe dos seus residuos. Esta cantidade, que deberá ser a mesma en todo o ámbito territorial do sistema integrado de xestión de que se trate, non terá a consideración de prezo e o seu aboamento dará dereito á utilización do símbolo acreditativo do sistema.»

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xullo de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ